



CESGA



XUNTA  
DE GALICIA



CONSEJO SUPERIOR  
DE INVESTIGACIONES  
CIENTÍFICAS

## CONVENIO DE COLABORACIÓN CESGA-HP-INTEL

**Discurso de Fernando Blanco, Conselleiro de Innovación e Industria**

**Santiago de Compostela 28 de marzo de 2006**

Sr. Secretario de Estado,

Sr Presidente do Consello Superior de Investigacións Científicas,

Sr. Director Xeral de I+D+I,

Sr. Presidente de HP Española,

Sr. Director Xeral de Intel Corporation Iberia,

Sr. Director do Cesga, Srs. Membros dos Órganos de Goberno do CESGA,

Investigadores, representantes dos medios de comunicación, Sras. Sres.

A Investigación, o Desenvolvemento e a Innovación son actividades críticas para o desenvolvemento económico e social de Galicia. A Consellería de Innovación e Industria está a facer unha aposta decidida pola I+D+i, que se materializa nun incremento de preto dun 40% nos orzamentos que destina a Xunta a esta materia neste ano 2006.

En cifras, desde o Goberno Galego adicaremos 130 millóns de euros a I+D+I neste ano, o que supón un investimento mensual de algo máis de 10 millóns de euros.

Ao tempo, a Consellería de Innovación e Industria, a través da Dirección Xeral de I+D+I presentou o borrador do Plan Galego de I+D+I 2006-2010, onde se recollen as actuacións que o noso goberno ten previsto realizar neste ámbito.

Das múltiples accións que se recollen neste borrador do Plan, hoxe quixera mencionar dous de especial relevancia: a relativa á posta en valor do coñecemento e a aposta por un modelo competitivo baseado na diferenciación e tecnoloxía, que á súa vez posibilite dispor dunha sociedade galega cada vez máis autosuficiente.

Para materializar a nosa proposta requírese a participación conxunta e coordinada entre administracións públicas e axentes do sector privado, hoxe aquí amplamente representados.

A través do Convenio de Colaboración, que hoxe se anuncia, potenciarase significativamente o coñecemento no ámbito do cálculo intensivo e a simulación numérica e, en consecuencia, aquelas áreas da ciencia que se desenvolven facendo uso desta tecnoloxía. Investigadores de Empresas de primeira liña, como HP e Intel, xunto con investigadores galegos e do CSIC realizarán proxectos conxuntos en áreas de interese común.

A dispoñibilidade dunha gran plataforma de cálculo como a anunciada, proporcionará posibilidades e oportunidades que repercutirán, moi positivamente, na incorporación de elementos diferenciadores e competitivos das nosas empresas e institucións, no

marco dun desenvolvemento sostible e que favoreza o benestar social.

Como xa se mencionou con anterioridade, o CESGA vén prestando servizos de cálculo intensivo e comunicacións avanzadas, ademais de participar en gran número de proxectos a través dos cales se lle confire unha relevancia significativa, tanto a nivel estatal como internacional. Cos novos medios e iniciativas que se incorporan ao CESGA, conseguiráse que o Centro se consolide como Centro de Excelencia Internacional, e con iso que se beneficien múltiples áreas da ciencia, na que participan prestixiosos grupos de investigación galegos e do CSIC.

A colaboración entre as Administracións Autonómica e Central, a través do CSIC, dá hoxe os seus froitos con este importante Convenio de Colaboración.

Desde o primeiro momento o CSIC apoiou decidida e entusiastamente esta iniciativa, favorecendo a súa materialización e aumentando, como consecuencia, a súa presenza en Galiza a través do CESGA, co que se abren novos horizontes e posibilidades de colaboración.

Por último, só me queda agradecer e felicitar aos participantes neste Convenio: Consello Superior de Investigacións Científicas, Consellería de Innovación e Industria, as empresas HP e Intel e ao CESGA, polo esforzo que veñen realizando para articular esta liña de

colaboración. Anímolles a seguir traballando intensamente para alcanzar os cobizosos obxectivos marcados.

Agradezo tamén e, de forma especial, ao Secretario de Estado do Ministerio de Educación e Ciencia, polo seu apoio e presenza neste acto, e a todos os asistentes pola súa presenza.

Moitas grazas.

Previa a rolda de preguntas, a continuación poderase ver unha imaxe virtual do novo equipamento a instalar no CESGA.

**PREGUNTAS DOS MEDIOS**